

A) ACCIÓN DOS ÁCIDOS SOBRE OS METAIS

Material e reactivos

Gradiña	Metais (Zn, Mg, Cu, Fe, Al)	Pipeta
Tubos de ensaio	Disolución de HCl 1 M	

Procedemento

1. Introducir anacos aproximadamente iguais de varios metais (Zn, Mg, Cu, Fe, Al) cada un nun tubo de ensaio diferente.
2. Medir cunha pipeta 2 mL de HCl 1 M.
3. Verter 2 mL de de ácido clorhídrico (1 M), en cada tubo de ensaio.
4. Observa-lo que sucede e apuntar aqueles metais que reaccionan co ácido.

B) FORMACIÓN DUN PRECIPITADO

Material e reactivos

Gradiña	Disolución de NaCl 0,1 M	Tubos de ensaio
Disolución de HCl 0,1 M	Disolución de AgNO ₃ 0,1 M	Pipeta

Procedemento

1. Colocar varios tubos de ensaio nunha gradiña.
2. Engadir 1 mL de disolución de AgNO₃ 0,1M en dous tubos de ensaio diferentes.
3. Engadir ó primeiro tubo de ensaio 1 mL de disolución de HCl 0,1M e observa-la formación dun precipitado branco.
4. Engadir ó segundo tubo de ensaio 1 mL de disolución de NaCl 0,1M e observar novamente a formación dun precipitado branco.

C) OBTENCIÓN DE HIDRÓXENO

Material e reactivos

Gradiña	Tapón dobremente furado	Tubos de ensaio
Tubo acodado	Pipeta	Vaso de precipitados
Matraz Erlenmeyer	Dosificador de seguridade	Metais (Zn)
Disolución de H ₂ SO ₄ 0,1 M		

Procedemento

1. Introducir nun erlenmeyer unha pequena cantidade de Zn (20 g de limaduras).
2. Tapa-lo erlenmeyer cun tapón dobremente furado e colocar nel: Un dosificador de seguridade e un tubo acodado que será introducido nun tubo de ensaio, que ó mesmo tempo estará colocado de forma invertida dentro dun vaso de precipitados, para que nos permita recolle-lo gas.
3. Engadir no tubo de seguridade 40 mL de disolución de H₂SO₄ (0,1M), a medida que cae o ácido sobre o Zn, o hidróxeno producido irá desprazando o ar contido no aparello (1 minuto aprox.).
4. Recoller no tubo de ensaio invertido dentro do vaso de precipitados con auga o hidróxeno desprendido.
5. Burbullar o hidróxeno nunha disolución de xabón e glicerina para facer pompas e prenderlles lume.